

Madrigalegas ou escritoras galegas en Madrid:
Tres tempos e a esperanza

Ana Acuña

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ACUÑA, ANA (2011 [2007]). “Madrigalegas ou escritoras galegas en Madrid: *Tres tempos e a esperanza*”. En Helena González Fernández e María Xesús Lama López (coords.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e outros pobos da península. Barcelona, 28 ó 31 de maio de 2003*. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos / Universitat de Barcelona, 19-31. Edición en CD-ROM. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/690>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ACUÑA, ANA (2007). “Madrigalegas ou escritoras galegas en Madrid: *Tres tempos e a esperanza*”. En Helena González Fernández e María Xesús Lama López (coords.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e outros pobos da península. Barcelona, 28 ó 31 de maio de 2003*. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos / Universitat de Barcelona, 19-31. Edición en CD-Rom.

* Edición dispoñíbel desde o 11 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



MADRIGALEGAS OU ESCRITORAS GALEGAS EN MADRID: *TRES TEMPOS E A ESPERANZA*

Ana Acuña
Universidade de Vigo

E quero crer.
Debo crer, necesito crer
que a morte é soamente
a provisoria lectura dun erro tolo da Historia.
(A. Cribeiro. *Poema lido no enterro de R. Valenzuela*).

A Débora. In memoriam

Introducción

Óese a reo que se os galegos fixeran dentro como fan cando van fóra, outro galo nos cantara. E iso é porque o galego que vai fóra descóbrese a si propio, reconece a súa esencia e entra en contacto con ela a través da experiencia (...) de sufrimento, soedade e exilio; neles descobre a forza da realidade, que non ten máis remedio que encarar, e descobre así tamén as súas forzas, o seu potencial e a súa personalidade. E a distancia pode darlle tamén visión.

Estas palabras de Teresa Barro (1983: 250) poden servirnos para preguntarnos —os que vivimos a emigración ou o exilio— sobre a nosa propia situación e, a partir de aí, reflexionar sobre a terra de acollida. É dicir, ¿seriamos o que somos se non nos descubrisemos fóra, se Madrid ou Arxentina non fosen unha esperanza? ¿Que pasaría se no exterior non construísemos pontes ata ter a impresión de que é posible vivir en Londres, por exemplo, como se un seguise estando en Galicia? E “abofé que un”, ata en Londres, “atopa tódalas Galicias posibles, tódalas nosas falas” porque “querendo distanciarnos, sempre volvemos” (Fonte 2000: 21 e 27). ¿E non volvemos a Galicia con este Congreso Internacional de Estudos Galegos?

Unha esperanza e tres tempos: Madrid

Hai tres anos, no anterior Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos, centrábámonos en “varios grupos poéticos formados por galegos (...) que escriben dende un medio alleo como é Madrid” (Acuña 2000: 515).

Nesta ocasión ocuparémonos de tres escritoras, tres mulleres con cadansúa historia persoal diferente que se exiliaron ou emigraron ata a capital por diversas causas pero que, cada unha ó seu xeito, crearán e recrearán a cultura galega dende Madrid.

Só falaremos de mulleres, de mulleres galegas en Madrid, no Madrid onde aínda se atopa a casa de Rosalía, no Madrid onde se homenaxeou en 1953 a tres poetas galegas (Blanco 1995: 151), no Madrid onde “viven e traballan importantes escritores galegos, homes e mulleres que teñen no noso idioma a súa ferramenta e a súa respiración creativa. De V. Araguas a Maite Dono (...) a creación literaria galega en Madrid goza na actualidade, ademais dun gañado prestixio, dunha excelente saúde” (Fernán-Vello 2002: 3).

A nosa pretensión é divulgar-la obra literaria destas mulleres e que, ó escoitala e ó lela, sintan esa corrente de emoción húmida como a materia da que nacemos.

Para iso, para coñece-la súa obra, basearémonos nas entrevistas persoais realizadas durante o ano 2003¹, nas conversas amistosas e nos seus libros. Quizais, no fin, poidamos atopar lugares comúns ás tres².

Co achegamento a estas mulleres queremos tamén lembrar outras madrigalegas: as profesoras de galego da Escuela Oficial de Idiomas e da Universidad Complutense de Madrid, as integrantes das xuntanzas do grupo Bilbao, Inés Canosa (alma de Sargadelos en Madrid) e, en fin, todas aquelas antas de aghochar que nos acubillaron tantos anos³.

A forza de moitas destas mulleres fructificou na creación da Asociación de Mulleres Galegas no exterior “Rosalía de Castro” (presentada o 8 de marzo de 2000 e rexistrada o 14 de abril do mesmo ano). Sobre a Asociación⁴ pode consultarse o artigo de Celia García (2001: 133-134) no que se dá puntual noticia sobre a presentación oficial e sobre a súa actividade durante os dous primeiros anos de vida: a organización do Seminario Permanente “Mulleres Galegas: Onte e Hoxe”, a proxección de longa e curtametraxes en galego, a Mesa Redonda sobre “Mulleres, exilio e emigrazón”, ou a exposición fotográfica “Homenaxe ás mulleres galegas na emigrazón”. Actividades, todas elas, desenvolvidas en distintos lugares da cultura galega en Madrid (Ateneo,

¹ A entrevista a Mariví Villaverde realizouse en Madrid, a de Maite Dono e a de Carme Blanco Ramos efectuáronse de forma epistolar e telefónica. ¡Beizón! Somos conscientes de que cada unha en por si merecería un pormenorizado estudio que, por mor do espazo non nos é posible desenvolver. Por tanto, calquera limitación nesta comunicación será única e exclusivamente de quen esto redacta.

² Velaí a enquisa: 1. Por qué e para qué escribir. 2. Cómo definirías os teus libros e lectura posible. 3. Cómo concibes a creación literaria. 4. Importancia da forma e/ou do contido. 5. Lecturas e influencias. 6. Traxectoria literaria. 7. Escrita de muller: estratexias de escritura feminina (linguaxe, temática), escrita consciente como muller, vínculos con outras mulleres, imaxes e símbolos (auga, espello, ollos, cores). 8. A muller galega. 9. A emigración: raíces e identidade. 10. Madrid. A cultura galega en Madrid. Valoración. 11. O tempo, a terra, o mar, a literatura. 12. O mundo que queremos, a memoria que perdemos, as cousas que nos quedan.

³ Na amizade, na música, nos campamentos da esperanza, nos fogares, nas clases, nos recitais, no teatro, nos curtos, nas excursións...: Sara, Carme, Estrela, Pilar, Celia, Xoana, Chus, Felicidad, Carlota, Beatriz, Victoria, Vanessa, Nerea, Paloma, Isabel, Ana, Mar, Consuelo, Fina, Irene, Verónica, Viqui, Susana, Alicia, Isabel, Rosa...

⁴ Con 22 socias en 2000 (entre elas Mariví Villaverde).

Sargadelos, Casa de Galicia, Centro Galego).

E estamos en Madrid.

Hai uns minutos unha rapaciña de pasos curtos e silandeiros (...) tentaba saír dun vagón de metro entre unha multitude de olladas ao chan. Nestes intres, agora mesmo (poden ser perfectamente as sete e cuarto-sete e vinte da tarde), é probable que xa estea a piques de rematar as últimas escaleiras, polas que rube arfando. Ela vai percorrer durante uns pasos o ar deturpado da Castellana; hase achegar ata unha pequena librería galega –decidiuno mentres estaba aprisionada nun vagón ateigado de xente no traxecto entre Callao e Gran Vía (Galán 2001: 64).

Alí, naquela pequena librería galega espéraa o primeiro tempo e Mariví Villaverde.

Primeiro tempo: Mariví Villaverde e a recuperación da memoria

Novelista, articulista, traductora e actriz, Mariví Villaverde (ou M^a Victoria Valenzuela) naceu en Vilagarcía en 1922. Chega a Madrid en 1966 despois dun longo periplo: refuxio en Francia, exilio en Arxentina, retorno a Galicia para casar con Ramón Valenzuela e volta ó exilio arxentino.

Sobre a súa chegada a Madrid contábanos durante a entrevista persoal⁵:

A loita non se podía facer en Galicia, por iso volvemos a Madrid. Daquela a esperanza estaba fóra de Galicia (...)

En Madrid atopamos moitos galegos e atopamos o lume sagrado. No Club Unesco puidemos facer cousas. Reuníanse os domingos pola mañá e había charlas de todo, tamén de política. Ben-Cho-Shey, Patiño, César Arias, Cribeiro, etc. Despois de morrer Franco abríronse as posibilidades, de aí a desaparición do Club Unesco, que era un refuxio. Hoxe [foi] a menos e cada un foi buscando os seus canles para facer cousas (...) Tamén, por exemplo, Sargadelos é un centro de actividades culturais (libros, exposicións, conferencias). Cada un busca pola súa parte.

En 1962, aínda na Arxentina, Mariví Villaverde (baixo o apelido do seu home, M^a. V^a Valenzuela) publicou a “novela”⁶ *Tres tiempos y la esperanza* na editorial Alborada de Buenos Aires. Como se deduce do título, esa primeira edición da obra estaba escrita en castelán, xunto cun prólogo de Arturo Cuadrado. Anos despois, en 1987, Edicións do Castro recupera a “novela” dentro da colección facsimilar “Documentos para a historia contemporánea de Galicia”.

A edición en galego saíu no ano 2002 dentro da colección “Mulleres” da editorial A Nosa Terra, pero xa sen a marca de xénero “novela” (no prólogo,

⁵ Nesta entrevista, realizada o 5 de abril de 2003, tamén estaban presentes Inés Canosa e Carme Blanco Ramos (¡graciñas pola compañía!).

⁶ Mariví Villaverde comentounos, durante a entrevista persoal, que tal designación fora imposta pola editorial.

nesta ocasión de Anxos Sumai, fálase de “memorias”). Agora a autora recupera o seu apelido de solteira e engade un epílogo que consta de material fotográfico e dunhas “Palabras que escribín corenta anos despois”.

Este número cinco da colección “Mulleres” de A Nosa Terra, coma os tres primeiros⁷, “aproxímanos á figura de (...) mulleres excepcionais, unidas alén da súa condición de galegas, polo feito de estaren marcadas pola experiencia do exilio por mor da nosa guerra civil” (Bernárdez 2001: 114).

Mariví Villaverde manifestounos a razón do libro:

por unha razón sinxela: vivín o comezo da guerra desde nena e cando chegou a guerra trágica e terrible, marcoume e non podía esquecer. Escribín todo eso para quedar, non para sacar a angustia, senón para deixar testemuño do vivido (...) Fun escribindo a medida que recordaba, de aí os tres tempos (antes, despois da guerra e etapas posteriores). Son cousas moi fondas (...) Todo o mundo se desfai e xa non sabes a que agarrarte.

Así pois, *Tres tempos e a esperanza* narra tres momentos na vida da protagonista: antes, mentres e despois da guerra civil. Da alegría infantil:

Eu faláballes da miña vida na vila, tan diferente; do colexio, das bromas de que faciamos obxecto a algún dos profesores, das nosas excursións, do mar, da liberdade de acción de que gozabamos, da nosa alegría. (58)

pasárase ó “medo, dor, xenreira e morte”:

Eu chegara á corda de rebote, quería agarrarme a algo, pero non atopaba a que. Foi o meu un salto brusco, sen escalas, e aínda me custaba facer pé. ¿Que quedaba do que eu quería, do que tiña que seguir querendo? (...) Agora era igual que case todos os lugares do arredor. Medo, dor, xenreira e morte... E eu, o mesmo ca todos, entraba no círculo, levábanme a el. (131)

para rematar como refuxiada ou exiliada tentando “manter o lume sagrado”:

Era preciso deixar de renunciar, deixar de evadirse na propia terra. Para iso só había un camiño: volver á nosa condición de exiliados. Sairamos do noso país para recuperar a esperanza. Había que salvara custase o que custase. (211)

Mariví Villaverde, xunto coa súa familia, sufriu un duro exilio interior e exterior. Conta a autora no libro:

vivín case cinco anos naquela Galicia orfa de liberdade, de xustiza, de cultura. Chea por outra banda, de represión, de fame, de anguria, de medo. Sentínme autenticamente exiliada por vez primeira. (9)

Quizais fose a súa condición de exiliada e da súa literatura de exilio (inicialmente en castelán) cunha soa obra, a que influíse no pouco coñecemento

⁷ Nos números anteriores recuperáronse as memorias de Maruxa Mallo, María Casares, Carolina Otero e Syra Alonso.

desta novela⁸. Se ben, como sinalou X. M. Maceira (1995: 12), a propósito da literatura do exilio, “literatura galega, propiamente dita, será aquela que teña como soporte idiomático o galego”, debe prestárselle “extraordinaria atención ó resto da obra por ser unha situación dobremente conflictiva, ou se se quere anormal por partida dobre.” O coñecemento da novela de Mariví, evitaría eivas coma a de V. Fuentes no seu estudio sobre a narrativa galega no exilio: “unha das miñas máis flagrantes omisións é a de non contar con ningún exemplo narrativo de mulleres” (2000: 73).

Por iso a reedición da novela e as “Palabras que escribín corenta anos despois” supoñen a recuperación da escrita, da voz e da memoria dunha muller marcada pola guerra. Sobre esta recuperación escribía:

Os meus estudos quedaron interrompidos coa sublevación militar, o que limitaba as miñas posibilidades, pero non me acovardei por iso. Non quería ficar sendo ama de casa, así que puxen a miña vontade en marcha e fun facéndolle fronte a diversas actividades (...) Traballei moito, pero non me sentín satisfeita (...) Pouco e pouco Ramón e mais eu comezamos a interesarnos por escribir teatro galego, ensaialo e representalo nalgún dos centros da colectividade (...) acabou entusiasmándonos (...) Foi unha etapa moi creativa, que me proporcionou o estímulo necesario para empezar a escribir. ¡Tiña tantas lembranzas e tantos desexos de contalas. (226-228)

Ó recupera-la súa voz, o seu texto e a súa memoria, a novela convértese en patrimonio de todos, pois “las mujeres no podían definirse como sujetos/personas hasta que esos textos (a través de los cuales podemos reconstruir la historia y formular una nueva política), no sean patrimonio de todos” (Arriaga 2000: 87).

O libro supón a liberación dos recordos da autora. Ela, coma tantas, sufriu unha “época escura e difícil para o desenvolvemento vital das mulleres, como foi a posguerra de Franco, que coartaba fortemente a súa liberdade amorosa e as súas posibilidades profesionais con obstáculos legais de presión social.” Destaca, coma en Pura e Dora Vázquez, Luz Pozo e Pilar Vázquez “a súa vontade de resistencia e superación nesas condicións adversas, para abrirse paso no campo profesional, creativo e da vida privada, tal como o fixeron, por camiños ben diferentes en cada caso” (Blanco 1996: 67).

A “*rapaciña de pasos curtos e silandeiros*” que “*tentaba saír dun vagón de metro entre unha multitude de olladas ao chan. Nestes intres, agora mesmo (...) é probable que estea a piques de rematar as últimas escaleiras, polas que rube arfando. Ela vai percorrer durante uns pasos o ar deturpado*” da Cidade Universitaria; hase achegar ata o 7º piso do Edificio B da Facultad de Letras da U.C.M. Alí está o Departamento de Filoloxía Románica e o despacho da Lectora de Galego. A rapaciña peta silandeira e abre a porta para atoparse no segundo tempo con Carme Blanco Ramos.

⁸ O nome de Mariví Villaverde aparece, normalmente, unido ó do seu home a propósito do teatro galego na Arxentina.

Segundo tempo: Carme Blanco Ramos e a superación da orfandade

Narradora e articulista nacida en Vilar de Céltigos (Santa Comba-A Coruña, 1957), chega a Madrid en 1968. Será na gran urbe onde comece a escribir, segundo nos conta⁹:

Eu sempre escribín, pero empecei con poesía. A verdade, eran poemas adolescentes e malos. [Estaban] influenciados por Rosalía, debido a que eu tamén me consideraba emigrada en Madrid desde os 10 anos e identificábame co que ela sentía. (...) Cando considerei en serio a creación literaria foi cando tiven a oportunidade de conectar con xente (...)

Unha persoa fóra das súas raíces, por obriga, cústalle moito mante-la identidade. Como consecuencia (...) aparece a dor non declarada. Esa identidade de que falaba só se pode manter por medio da cultura, das raíces (...) O esforzo é máis grande: reunirse, organizar actos... Todos eses esforzos fanse sen obriga e sen recompensa agás a recompensa moral de cada un. E iso fixemos (...) en Madrid. Teño que dicir que eu tardei en contactar con xente desta valía en Madrid.

A autora, coma as demais madrigalegas deste estudio, empezou utilizando o castelán na escrita:

A miña educación (...) foi toda en castelán. No ano 68, cando eu marchei, era unha meniña de 10 anos que non dabamos unha fala en galego na escola. Iso era falar mal. Empecei a escribir en castelán, de feito teño contos escritos en castelán, pero as miñas primeiras publicacións foron en galego.

Carme Blanco Ramos iniciouse, literariamente, cos contos publicados no suplemento cultural “O espello” de *A Freita. Revista da lingua e da cultura galega de Asturias*. Sen embargo, é coñecida pola súa novela *A golpe de dor* publicada pola editorial¹⁰ 3C3. A autora recoñece unha liña común en toda a súa produción:

os meus contos van todos tamén por esa liña un pouco intimista. Gústame describir os estados dos personaxes, eses momentos que pasamos por alto sen darlle importancia pero que suman o noso eu.

Neste sentido, parece que os contos prefiguran a súa novela. Así “O espello” e “O soño”¹¹ (1999: 7-9), xunto con “Estado” (2001: 21-23) anunciarían a novela *A golpe de dor* (2002). Deixando á marxe o conto titulado “O soño”¹², podemos dicir que as narracións breves “O espello” e “Estado” presentan grandes conexións coa novela: a protagonista feminina, a abundancia de saltos temporais cara ó pasado¹³, a profusión de cores grises, azuis ou amarelas e a

⁹ Enquisa remitida por correo a primeiros de maio de 2003.

¹⁰ Editorial á que cómpre felicitar pola coidada edición e pola aposta por dúas novas creadoras: a escritora, Carme Blanco Ramos, e a pintora, Cristina Arufe.

¹¹ Os dous reúnense baixo o título común “Entretempo”.

¹² Este conto é unha das primeiras exaltacións da figura do “alemán” de Camelle (¡Deus vexa por el!). Aínda que non nos detemos, cómpre indicar que este relato comparte elementos cos demais (caso da importancia dos ollos, das cores...).

¹³ Pénsese que a autora nos respondeu á pregunta sobre o tempo dicindo que, para ela, “sempre é pasado”.

importancia dos ollos, dos espellos, da auga (como río, como mar ou como reflexo dun mesmo) e do vento.

El intentaba dicirlle que o espello da auga non ten volta. Non podía volver. Levouna cara a un túnel escuro, cuberto por unha luz branca, pero unha forza impedíalle chegar á porta da escuridade (...) Sentada, xa na outra beira, deixa folgar os seus ollos enriba da auga que flúe e non para. (1999: 8)

Os dous contos son “estados” previos, pequenos “golpes de dor” que constituirán a novela final¹⁴: o fillo non nacido ou non enxendrado, a enfermidade, o abandono da casa, o baleiro, a loita entre o físico e o psíquico, a eiva dos personaxes femininos pola perda, pola dor ou pola ausencia.

A autora refería a propósito da novela *A golpe de dor*:

Non deixa de ser unha viaxe ó interior do mundo do personaxe (...) a miña intención era demostrar que son os feitos “pequenos” os que forman a persoa do mañá (...) Denuncia do poder político e social, pero tamén un respecto por un medio de vida, unha cultura.

Por outra parte, *A golpe de dor*, xunto cos contos “O espello” e “Estado”, son monólogos, textos en primeira persoa enunciados por unha voz necesariamente sexuada e feminina. Monólogos que rompen cos límites existentes entre o interior e o exterior gracias á desintegración do eu. O recurso á primeira persoa é o modo máis apropiado para a indagación psicolóxica. Con el introdúcese tamén unha diferente percepción do tempo e do espacio: en vez dunha exposición lineal, o tempo segméntase en imaxes. Escribe a novelista:

Tempo segmentado en imaxes, cada segmento é un recordo e tantos recordos foron unha vida. Non podo seguir. (2002: 45).

Deténdonos nesta novela, *A golpe de dor* sería unha “novela de muller” centrada no auto-descubrimento da personaxe principal. Pero hai outras personaxes femininas relevantes, pois na novela aparece unha oposición clara entre personaxes masculinos e femininos (ámbolos dous caracterizados negativa ou positivamente): fronte á autoridade do avó, ó sometemento e silencio do pai, ós reproches dos irmáns, ó odio e ó resentimento do curmán, á hipocrisía, á indiferencia do compañeiro sentimental e ó machismo dos conductores sobresaen a submisión e soidade materna e a confianza na amizade feminina.

A novela retrata, pois, problemas relativos ás funcións de nai ou á visión que o sexo feminino ten do seu oposto, ó profundo abismo e incomunicación entre ambos e ó rexeitamento de certos valores predominantemente masculinos, aínda que nalgún momento se chegue ó entendemento (Blanco 1991: 108-109). Asemade son interesantes as experiencias con respecto á convivencia en parella, o aborto, a educación, os desexos e o propio traballo.

Pero o texto literario é un axente importante na transmisión da cultura (como os ritos da festa de San Xoán, a vivencia da morte...). Ás veces a transmisión realízase de xeito crítico (caso da concentración parcelaria ou da

¹⁴ Actualmente Carme Blanco Ramos prepara un libro de contos.

alcaiota da aldea) e a autora expresa a dicotomía entre distintas formas de vida na cultura rural e na cultura urbana a través das referencias á medicina e á educación. Como mostras da cultura urbana:

Alguén vén deixa-la dor e o celador recóllea para amoreala nun anaco de corredor. (12)

O director daquela escola de nenos de escapate resultábame irritante. (...) Eles sabían todo. (21)

A novela sintetiza, en último termo, a procura dun eu que se perde por entre as realidades e obxectos máis diversos para recoñecerse e de novo atoparse. De aí o seu diálogo continuo co pasado e as súas reflexións sobre o carácter cíclico da dor (real e psíquica, pois é curada por unha meiga e por un doutor) dende a infancia ata a madurez.

Volvo te-la mesma dor de cando era pequena. Nunca souben por qué aquel sufrimento actuaba ó seu capricho (49)

Se ben os desencadeantes da súa busca interior son o aborto e a morte da nai¹⁵, podemos afirmar que, certamente, a protagonista sempre estivo perdida, quizais polo esgazamento da memoria e do afecto familiar (ausencia do pai e silencio da nai).

Esta busca da identidade, da maternidade (da nai e dela mesma a renacer do aborto), da comprensión da súa orfandade e do seu pasado para interpreta-lo seu futuro (simbolizado na casa abandonada), realízase como dirían os entendidos “on the road”, é dicir, a través dunha viaxe iniciática pola aldea (non pola estrada).

A reconciliación coa memoria familiar supón a reapropiación do eu, da bágoa (só consegue chorar ó remate do libro), do corpo e da palabra.

Se entre as innovacións estilísticas ligadas ás “novelas de mulleres” se cita a linguaxe case inconexa dos soños, a orientación cara ó símbolo e o “descenso” ó subconsciente (Ciplijauskaité 1988: 25), na novela de Carme Blanco Ramos destaca o segundo elemento, exemplificado na auga e no espello que, á súa vez, se relaciona cos ollos. Ollos, espello e auga reflicten a imaxe que outros teñen (ollos do compañeiro sentimental, do doutor, da nai, do curmán) da protagonista que se busca ata atopa-la súa propia imaxe.

Para entendela mellor quedemos co espello, pois este relaciónase co uso do monólogo interior e simboliza o eu dividido: primeiro o personaxe feminino víase nun espello baleiro/convexo que se enchía segundo os antollos das figuras masculinas, logo incúmbelle a ela a función de enchelo. É dicir, do espello convexo imposto, deriva nun espello cóncavo e penetra no seu propio interior.

Aínda simbólica sería a reiterada utilización dos brancos e dos amarelos nas constantes adxectivacións e imaxes visionarias da novela. Escribe a autora:

O símbolo, dalgunha forma, é parte do alimento de vida. Porque hai que alimentala. Alimento de vida é o que me fai falla, miña nai. (48)

¹⁵ Repárese na posible simboloxía.

A “*rapaciña de pasos curtos e silandeiros*” que “*tentaba saír dun vagón de metro entre unha multitude de olladas ao chan. Nestes intres, agora mesmo (...) é probable que estea a piques de rematar as últimas escaleiras, polas que rube arfando. Ela vai percorrer durante uns pasos o ar deturpado*” da rúa Jesús Maestro; *hase achegar ata* o edificio da Escuela Oficial de Idiomas. Alí, o Departamento de Galego celebra hoxe un acto polas letras galegas no terceiro tempo e actuará Maite Dono.

Terceiro tempo: Maite Dono e a reapropiación do mar e da morte

Actriz, cantante e escritora (poesía, narrativa, teatro e artigos) en galego e castelán. Naceu en Gasteiz en 1969, filla de pais emigrantes galegos, e aos 12 anos trasladouse a Santiago de Compostela. Sobre a súa chegada a Madrid¹⁶:

Vin a Madrid estudar Arte Dramática, e este foi o meu comezo como muller e artista. (...) Así pois, vivo a Galiza facilmente dende Madrid (...) vívoa máis intensamente dende esta distancia para nada obrigada. Ás veces sinto mágoa de ter máis desenvolvida a miña capacidade de lembrar, de rememorar, de imaxinar, que a de vivir propiamente. (...)

O mesmo que falo desa natureza saudosa, eu son a primeira en padecela co gusto de sentirme viva do meu lugar, tamén quero falar doutras cousas, abri-las xanelas e deixar pasa-lo ar. Non gusto de ficar pechada nese lugar cómodo que supón todo o que nos resulta coñecido. Quero ser unha e outra vez analfabeta e cambalearme. Quero que me desmonten as miñas supostas ideas claras para asaltarme con outras novas que non veñan para nada dese lugar cómodo e arraigado.

Maite Dono é considerada como “a voz máis consistente de entre as novas poetas”, creadora “dunha poesía violeta marcada pola constatación do suicidio e lousada de marcas do discurso feminista que permiten unha lectura asemade do eu e do nosoutras.” (González 2000: 287).

E sobre a escrita de muller contounos:

¿Que dicer de nós como mulleres entregadas aos nosos desexos, libres, refuxiadas por vontade propia nunha creación que nos dá asas?

Creo que existe unha linguaxe que nos pertence, a linguaxe. Como mulleres, somos seres amplos, todo tende cara a nós, cara ó feminino. Sabemos explorar coma ninguén o terreo dos sentimentos, pero non só somos esto. Tamén podemos escribir con distancia, e ser frías, deliciosamente frías e distantes.

Para ser sincera nunca me parei a analizar como tal a escrita de muller. Non sei qué técnicas, nin temáticas usamos. Supoño que eso queda para os estudiosos do tema. A min gústame pensar que somos tan abertas e tan amplas que non é posíbel encadrarnos nunha angosta parcela da que non saímos porque somos

¹⁶ Entrevista remitida, dende Madrid, o 13 de abril de 2003.

mulleres e só atendemos a eso. Si, somos mulleres, e creamos, e ás veces podemos escribir coma algúns homes, outras coma outros homes, outras como seres hermafroditas, outras coma algunhas mulleres, outras coma outras mulleres, e sempre infinitamente amplas, infinitamente inclasificábeis.

De aí os vínculos con outras mulleres na literatura:

Todo comeza coa busca dun texto para face-las probas da RESAD. Lembro, de súpeto, un programa que vira 5 anos antes na televisión no que entrevistaran a Luísa Castro, a busca dun texto seu lévame directamente a *Los versos del eunuco* e ese descubrimento é preciso resaltalo pois foi realmente importante. Foi unha pancada, un tremer, un espertar.... Este libro mailo amor recén descuberto, abríronme o camiño á poesía.

Posteriormente foi a Duras (...). Tamén Angélica Liddell, artista demoledora e maravillosa, Anaïs Nin, Emily Dickinson, Rosalía de Castro, e toda esa conexión con artistas suicidas como Anne Sexton, Sylvia Plath, Alejandra Pizarnik, Virginia Woolf, Diane Arbus... coas que teño unha forte conexión espiritual. (...) Tantos nomes que non só veñen da literatura; sobre todo agora que comezo a sentir a integración perfecta das artes, e a riqueza que todo esto supón á hora de crear.

Decido só poñer mulleres porque son elas as que están máis preto de min, as que me quedan máis á man. Delas veño, e a elas agradezo esta infinita comprensión do mundo, por outro lado tan vasto.

Todo, absolutamente todo é de inspiración, aberta como estou a un mundo que me destrúa.

Como indica Maite Dono, a súa descuberta da poesía ocorreu en Madrid e en castelán (*Manta de sombra*, 1996). Así explica a poeta o cambio idiomático:

A decisión de escribir en galego nace co *Mar Vertical*. (...) *El Mar Vertical* era un poemario en castelán e converteuse nun traballo monográfico de libro e disco que me fixo ver o comezo do camiño dunha galeguidade sentida e profunda.

No citado poemario en castelán rexístranse trazos importantes e contínuos na escrita de Maite Dono: a reapropiación da palabra dos poetas do amor e da morte, o incesto, o ladrón de Bagdad ou a negación, o silencio e a morte como fonte de creación e espacio da muller.

E envolvendo todo O MAR. Como o título do libro –en galego- e do disco indican, trátase dunha creación chea de auga salgada (do mar ou das bágoas). Un mar que aparece –en forma de poemas ou prosa poética- caracterizado ó comezo e ó final do libro polos sons: humilde e arrolador (como un mar feminino) ou ferido e tolo (coma un mar masculino).

A auga –como sinalou G. Bachelard (1978) e poetiza Maite Dono- é un tipo de destino. Por iso existen seres consagrados á auga, seres na vertixe como a figura do Primo-Irmán, como V. Woolf, A. Storni ou Martin Eden (personaxe de J. London).

¡Ai, mar!

Bica a esa muller morta

Núa

Estendida
Dálle catro pedras
E que te busque ao fondo. (40)

O mar violento é, á vez, o son máis presente no libro. Cando o mar é tan forte, os seres consagrados á auga só poden sufrir flaxelación como esixencia previa ó goce. Esa ambivalencia do pracer e da pena marca os poemas como marca a vida. Falamos de mar (Cantábrico) como suicidio, como loucura e do Océano (Atlántico) como mar das paixóns; pero a auga é tamén un modelo de silencio e calma. E, relacionado co silencio, está outra das liñas-forza do poemario: as liñas paralelas que non se tocan e que se prolongan ata o infinito. En *O mar vertical* esas liñas non chegan a complementarse senón que van separadas como a cabeza e o corpo, como as vías do tren onde unha nena descobre un mar de sangue na súa braga branca.

O silencio comprendido entre dúas liñas paralelas
chámase 4.
Unha destas liñas de material de arame
sega a miña cabeza e bótaa a rolos
polas moas tallantes e afiadas do cantil.
A miña cabeza bebe nas corgas secas
camiño da miña casa.
O meu corpo dividido e encallado nas silvas do 4
vai só na percura da máxima expresión da auga. (16)

Ó lado dos personaxes históricos (como son os poetas do amor e da morte), en *O mar vertical* atopamos outro dos elementos máis chamativos (González 2001: 308): a interposición de personaxes de ficción para a representación de actitudes (o Home-Pato ou o Primo-Irmán).

O meu Primo Irmán tamén choraba por todo:
“Parece unha nena” –decían- E eu amábao por eso, porque
era fráxil e porque choraba.
Choraba porque o ceo era azul, branco e violeta.
Choraba porque o mar era verde, gris ou negro. (...)
Coa voz dos soños respondeume:
Vou morrer de mar, Prima Irmán. Vou morrer así
porque gosto da auga con sal. Gosto do mar de calquera co-
lor. E gosto de todo aquilo que a ti che goste. E gosto de
chorar toda a auga que me bebo. (...) Porque vou morrer de
mar, Prima Irmán. Pero non tremas; non todo o mundo ten a
sorte de morrer do que tanto ama. (30)

Será no seu relato “Baixo os crisantemos” (2001: 157), único publicado¹⁷ ata o momento, onde Maite Dono recupere outros dous personaxes irmáns. Dende un presente de carencia e castración -*foi a nosa nudeza idéntica máis có noso parentesco o que nos matou*- os personaxes só poden morrer:

¹⁷ Publicado primeiro en castelán e despois en galego.

Enviáronme ó reformatorio (...) Non fun quen de recoñecer nese lugar o mundo que o meu irmán me obrigara a ver. E alí foi onde recollín a nova da súa morte. Recollina con coidado, coas mans que agora me caen. (...) O meu desterro enterrou o corpo perfumado do meu irmán baixo o lirismo fúnebre dos crisantemos.

Conclusións

Nesta comunicación tentamos unha lectura global da produción, poética e narrativa, de tres mulleres unidas por:

1. Tres tempos que supoñen diferentes recuperacións: recuperación da memoria e da palabra roubada, recuperación da nai/filla ou superación da orfandade e recuperación do mar. Nos tres casos tamén as causas da dor son diferentes: dor que procede do exterior polos acontecementos sociais, ou dor interior polos acontecementos persoais. Daquela, nas tres mulleres houbo unha censura que superar, censura da palabra e censura do corpo/palabra.

2. Unha “narrativa de muller” curta ou longa (aquí incluímos os poemas narrativos), por canto se concentra no auto-descubrimento dunha personaxe principal. Pero, ademais, é narrativa de formación feminina ou *Bildungsroman* (Moret 2000: 179) caracterizada porque a sociedade actúa como antagonista da heroína, porque é a historia dunha aprendizaxe narrada en primeira persoa.

3. Un cambio idiomático do castelán para o galego. Como xa se ten sinalado (Noia 1992: 11), a condición de mulleres, de escribir en galego sendo mulleres, implica unha posición dobremente marcada: por lingua e xénero, sobre todo polo elemento lingüístico.

4. Madrid é¹⁸ unha esperanza para as tres e converteunas, como dixo Lorenzo Varela (a propósito de Luís Seoane e da súa dona) en “fiestas: si se olla para fóra, o mundo, si para dentro Galiza”.

Bibliografía citada

- ACUÑA, A. “Poesía galega en Madrid: o grupo poético «Bilbao»”. *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos. Un século de Estudos Galegos. Galicia fóra de Galicia*. Ed. de Dierter Kremer. Sada: Edicións do Castro/Galizien-Zentrum der Universität Trier, 2000. 515-532.
- ARRIAGA, M. “Teorías feministas ante literam: las mujeres que escriben tratados en los siglos XV y XVI”. *Feminismos, cuerpos, escrituras*. Ed. de Iris M. Zavala. Santa Cruz de Tenerife: La Página Ediciones, 2000. 87-98.
- BARRO, T. *Introducción á astroloxía*. Vigo: Xerais, 1983.
- BACHELARD, G. *El agua y los sueños*. México: Breviarios del Fondo de Cultura Económica, 1978.
- BERNÁRDEZ, C.L. “Retratos de Mulleres desde o exilio”. *Festa da palabra silenciada* 16 (2001): 114-115

¹⁸ Carme Blanco Ramos voltou para Galicia recentemente.

- BLANCO, C. *Literatura galega da muller*. Vigo: Xerais, 1991.
 — *Mulleres e independencia*. Sada: Edicións do Castro, 1995.
 — “Nais de tinta: Dora e Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e Pilar Vázquez Cuesta”. *Unión Libre 1* (1996): 67-130.
- BLANCO RAMOS, C. “Entretempo”. *O espello. Suplemento literario de A Freita 6* (1999): 7-9.
 — “Estado”. *Muller de doce sal. Homenaxe a Inés Canosa*. Xixón: vtp, 2001. 21-23.
- CIPLIJAUSKAITÉ, B. *La novela femenina contemporánea (1970-1985). Hacia una tipología de la narración en primera persona*. Barcelona: Anthropos, 1988.
- DONO, M. *Manta de sombra*. Madrid: Libertarias/Prodhufo, 1996.
 — *O mar vertical*. A Coruña: Espiral Maior, 2000.
 — “Baixo os crisantemos”. *Madrygal. Revista de Estudos Galegos 4* (2001): 157.
- FERNÁN-VELLO, M. A. “Galego en Madrid”. *O Correo Galego* (18-VII-2002): 3.
- FONTE, R. “Emigrantes en Londres”. *Tempos 39* (2000): 16-27.
- FUENTES, V. “Arredor da narrativa galega no exilio”. *Grial 145* (2000): 71-87.
- GALÁN, X. “A mochila” *Muller de doce sal. Homenaxe a Inés Canosa*. Xixón: vtp, 2001. 61-66.
- GARCÍA, C. “A “Asociación de Mulleres galegas no exterior Rosalía de Castro”: a loita pola memoria das mulleres galegas desde Madrid”. *Madrygal. Revista de Estudos Galegos 4* (2001): 133-134.
- GONZÁLEZ, H. “Poesía: empezar o milenio”. *Anuario de Estudos Literarios Galegos* (2000): 285-293.
 — “O mar vertical e os labirintos oceánicos femininos”. *Grial 150* (2001): 305-308.
- MACEIRA, X.M. *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*. Vigo: Cumio, 1995.
- MORET, Z. “Y las niñas que crecen ¿a dónde van a parar?”. *Feminismos, cuerpos, escrituras*. Ed. de Iris M. Zavala. Santa Cruz de Tenerife: La Página Ediciones, 2000. 177-191.
- NOIA, C. (coord.). *Palabra de muller*. Vigo: Xerais. 1992.
- VALENZUELA, M. V. *Tres tempos y la esperanza*. Sada: Edicións do Castro, 1987.
- VILLAVERDE, M. *Tres tempos e a esperanza*. Vigo: A Nosa Terra, 2002.

Acuña, Ana. “Madrigalegas ou escritoras galegas en Madrid: *Tres tempos e a esperanza*”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península*. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.



MADRIGALEGAS OU ESCRITORAS GALEGAS EN MADRID: *TRES TEMPOS E A ESPERANZA*

Ana Acuña
Universidade de Vigo

E quero crer.
Debo crer, necesito crer
que a morte é soamente
a provisoria lectura dun erro tolo da Historia.
(A. Cribeiro. *Poema lido no enterro de R. Valenzuela*).

A Débora. In memoriam

Introducción

Óese a reo que se os galegos fixeran dentro como fan cando van fóra, outro galo nos cantara. E iso é porque o galego que vai fóra descóbrese a si propio, reconece a súa esencia e entra en contacto con ela a través da experiencia (...) de sufrimento, soedade e exilio; neles descobre a forza da realidade, que non ten máis remedio que encarar, e descobre así tamén as súas forzas, o seu potencial e a súa personalidade. E a distancia pode darlle tamén visión.

Estas palabras de Teresa Barro (1983: 250) poden servirnos para preguntarnos —os que vivimos a emigración ou o exilio— sobre a nosa propia situación e, a partir de aí, reflexionar sobre a terra de acollida. É dicir, ¿seriamos o que somos se non nos descubrisemos fóra, se Madrid ou Arxentina non fosen unha esperanza? ¿Que pasaría se no exterior non construísemos pontes ata ter a impresión de que é posible vivir en Londres, por exemplo, como se un seguise estando en Galicia? E “abofé que un”, ata en Londres, “atopa tódalas Galicias posibles, tódalas nosas falas” porque “querendo distanciarnos, sempre volvemos” (Fonte 2000: 21 e 27). ¿E non volvemos a Galicia con este Congreso Internacional de Estudos Galegos?

Unha esperanza e tres tempos: Madrid

Hai tres anos, no anterior Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, centrábámonos en “varios grupos poéticos formados por galegos (...) que escriben dende un medio alleo como é Madrid” (Acuña 2000: 515).

Nesta ocasión ocuparémonos de tres escritoras, tres mulleres con cadansúa historia persoal diferente que se exiliaron ou emigraron ata a capital por diversas causas pero que, cada unha ó seu xeito, crearán e recrearán a cultura galega dende Madrid.

Só falaremos de mulleres, de mulleres galegas en Madrid, no Madrid onde aínda se atopa a casa de Rosalía, no Madrid onde se homenaxeou en 1953 a tres poetas galegas (Blanco 1995: 151), no Madrid onde “viven e traballan importantes escritores galegos, homes e mulleres que teñen no noso idioma a súa ferramenta e a súa respiración creativa. De V. Araguas a Maite Dono (...) a creación literaria galega en Madrid goza na actualidade, ademais dun gañado prestixio, dunha excelente saúde” (Fernán-Vello 2002: 3).

A nosa pretensión é divulgar-la obra literaria destas mulleres e que, ó escoitala e ó lela, sintan esa corrente de emoción húmida como a materia da que nacemos.

Para iso, para coñece-la súa obra, basearémonos nas entrevistas persoais realizadas durante o ano 2003¹, nas conversas amistosas e nos seus libros. Quizais, no fin, poidamos atopar lugares comúns ás tres².

Co achegamento a estas mulleres queremos tamén lembrar outras madrigalegas: as profesoras de galego da Escuela Oficial de Idiomas e da Universidad Complutense de Madrid, as integrantes das xuntanzas do grupo Bilbao, Inés Canosa (alma de Sargadelos en Madrid) e, en fin, todas aquelas antas de aghochar que nos acubillaron tantos anos³.

A forza de moitas destas mulleres fructificou na creación da Asociación de Mulleres Galegas no exterior “Rosalía de Castro” (presentada o 8 de marzo de 2000 e rexistrada o 14 de abril do mesmo ano). Sobre a Asociación⁴ pode consultarse o artigo de Celia García (2001: 133-134) no que se dá puntual noticia sobre a presentación oficial e sobre a súa actividade durante os dous primeiros anos de vida: a organización do Seminario Permanente “Mulleres Galegas: Onte e Hoxe”, a proxección de longa e curtametraxes en galego, a Mesa Redonda sobre “Mulleres, exilio e emigrazón”, ou a exposición fotográfica “Homenaxe ás mulleres galegas na emigrazón”. Actividades, todas elas, desenvolvidas en distintos lugares da cultura galega en Madrid (Ateneo,

¹ A entrevista a Mariví Villaverde realizouse en Madrid, a de Maite Dono e a de Carme Blanco Ramos efectuáronse de forma epistolar e telefónica. ¡Beizón! Somos conscientes de que cada unha en por si merecería un pormenorizado estudio que, por mor do espazo non nos é posible desenvolver. Por tanto, calquera limitación nesta comunicación será única e exclusivamente de quen esto redacta.

² Velaí a enquisa: 1. Por qué e para qué escribir. 2. Cómo definirías os teus libros e lectura posible. 3. Cómo concibes a creación literaria. 4. Importancia da forma e/ou do contido. 5. Lecturas e influencias. 6. Traxectoria literaria. 7. Escrita de muller: estratexias de escritura feminina (linguaxe, temática), escrita consciente como muller, vínculos con outras mulleres, imaxes e símbolos (auga, espello, ollos, cores). 8. A muller galega. 9. A emigración: raíces e identidade. 10. Madrid. A cultura galega en Madrid. Valoración. 11. O tempo, a terra, o mar, a literatura. 12. O mundo que queremos, a memoria que perdemos, as cousas que nos quedan.

³ Na amizade, na música, nos campamentos da esperanza, nos fogares, nas clases, nos recitais, no teatro, nos curtos, nas excursións...: Sara, Carme, Estrela, Pilar, Celia, Xoana, Chus, Felicidad, Carlota, Beatriz, Victoria, Vanessa, Nerea, Paloma, Isabel, Ana, Mar, Consuelo, Fina, Irene, Verónica, Viqui, Susana, Alicia, Isabel, Rosa...

⁴ Con 22 socias en 2000 (entre elas Mariví Villaverde).

Sargadelos, Casa de Galicia, Centro Galego).

E estamos en Madrid.

Hai uns minutos unha rapaciña de pasos curtos e silandeiros (...) tentaba saír dun vagón de metro entre unha multitude de olladas ao chan. Nestes intres, agora mesmo (poden ser perfectamente as sete e cuarto-sete e vinte da tarde), é probable que xa estea a piques de rematar as últimas escaleiras, polas que rube arfando. Ela vai percorrer durante uns pasos o ar deturpado da Castellana; hase achegar ata unha pequena librería galega –decidiuno mentres estaba aprisionada nun vagón ategado de xente no traxecto entre Callao e Gran Vía (Galán 2001: 64).

Alí, naquela pequena librería galega espéraa o primeiro tempo e Mariví Villaverde.

Primeiro tempo: Mariví Villaverde e a recuperación da memoria

Novelista, articulista, traductora e actriz, Mariví Villaverde (ou M^a Victoria Valenzuela) naceu en Vilagarcía en 1922. Chega a Madrid en 1966 despois dun longo periplo: refuxio en Francia, exilio en Arxentina, retorno a Galicia para casar con Ramón Valenzuela e volta ó exilio arxentino.

Sobre a súa chegada a Madrid contábanos durante a entrevista persoal⁵:

A loita non se podía facer en Galicia, por iso volvemos a Madrid. Daquela a esperanza estaba fóra de Galicia (...)

En Madrid atopamos moitos galegos e atopamos o lume sagrado. No Club Unesco puidemos facer cousas. Reuníanse os domingos pola mañá e había charlas de todo, tamén de política. Ben-Cho-Shey, Patiño, César Arias, Cribeiro, etc. Despois de morrer Franco abríronse as posibilidades, de aí a desaparición do Club Unesco, que era un refuxio. Hoxe [foi] a menos e cada un foi buscando os seus canles para facer cousas (...) Tamén, por exemplo, Sargadelos é un centro de actividades culturais (libros, exposicións, conferencias). Cada un busca pola súa parte.

En 1962, aínda na Arxentina, Mariví Villaverde (baixo o apelido do seu home, M^a. V^a Valenzuela) publicou a “novela”⁶ *Tres tiempos y la esperanza* na editorial Alborada de Buenos Aires. Como se deduce do título, esa primeira edición da obra estaba escrita en castelán, xunto cun prólogo de Arturo Cuadrado. Anos despois, en 1987, Edicións do Castro recupera a “novela” dentro da colección facsimilar “Documentos para a historia contemporánea de Galicia”.

A edición en galego saíu no ano 2002 dentro da colección “Mulleres” da editorial A Nosa Terra, pero xa sen a marca de xénero “novela” (no prólogo,

⁵ Nesta entrevista, realizada o 5 de abril de 2003, tamén estaban presentes Inés Canosa e Carme Blanco Ramos (¡graciñas pola compañía!).

⁶ Mariví Villaverde comentounos, durante a entrevista persoal, que tal designación fora imposta pola editorial.

nesta ocasión de Anxos Sumai, fálase de “memorias”). Agora a autora recupera o seu apelido de solteira e engade un epílogo que consta de material fotográfico e dunhas “Palabras que escribín corenta anos despois”.

Este número cinco da colección “Mulleres” de A Nosa Terra, coma os tres primeiros⁷, “aproxímanos á figura de (...) mulleres excepcionais, unidas alén da súa condición de galegas, polo feito de estaren marcadas pola experiencia do exilio por mor da nosa guerra civil” (Bernárdez 2001: 114).

Mariví Villaverde manifestounos a razón do libro:

por unha razón sinxela: vivín o comezo da guerra desde nena e cando chegou a guerra trágica e terrible, marcoume e non podía esquecer. Escribín todo eso para quedar, non para sacar a angustia, senón para deixar testemuño do vivido (...) Fun escribindo a medida que recordaba, de aí os tres tempos (antes, despois da guerra e etapas posteriores). Son cousas moi fondas (...) Todo o mundo se desfai e xa non sabes a que agarrarte.

Así pois, *Tres tempos e a esperanza* narra tres momentos na vida da protagonista: antes, mentres e despois da guerra civil. Da alegría infantil:

Eu faláballes da miña vida na vila, tan diferente; do colexio, das bromas de que faciamos obxecto a algún dos profesores, das nosas excursións, do mar, da liberdade de acción de que gozabamos, da nosa alegría. (58)

pasárase ó “medo, dor, xenreira e morte”:

Eu chegara á corda de rebote, quería agarrarme a algo, pero non atopaba a que. Foi o meu un salto brusco, sen escalas, e aínda me custaba facer pé. ¿Que quedaba do que eu quería, do que tiña que seguir querendo? (...) Agora era igual que case todos os lugares do arredor. Medo, dor, xenreira e morte... E eu, o mesmo ca todos, entraba no círculo, levábanme a el. (131)

para rematar como refuxiada ou exiliada tentando “manter o lume sagrado”:

Era preciso deixar de renunciar, deixar de evadirse na propia terra. Para iso só había un camiño: volver á nosa condición de exiliados. Sairamos do noso país para recuperar a esperanza. Había que salvara custase o que custase. (211)

Mariví Villaverde, xunto coa súa familia, sufriu un duro exilio interior e exterior. Conta a autora no libro:

vivín case cinco anos naquela Galicia orfa de liberdade, de xustiza, de cultura. Chea por outra banda, de represión, de fame, de anguria, de medo. Sentínme autenticamente exiliada por vez primeira. (9)

Quizais fose a súa condición de exiliada e da súa literatura de exilio (inicialmente en castelán) cunha soa obra, a que influíse no pouco coñecemento

⁷ Nos números anteriores recuperáronse as memorias de Maruxa Mallo, María Casares, Carolina Otero e Syra Alonso.

desta novela⁸. Se ben, como sinalou X. M. Maceira (1995: 12), a propósito da literatura do exilio, “literatura galega, propiamente dita, será aquela que teña como soporte idiomático o galego”, debe prestárselle “extraordinaria atención ó resto da obra por ser unha situación dobremente conflictiva, ou se se quere anormal por partida dobre.” O coñecemento da novela de Mariví, evitaría eivas coma a de V. Fuentes no seu estudio sobre a narrativa galega no exilio: “unha das miñas máis flagrantes omisións é a de non contar con ningún exemplo narrativo de mulleres” (2000: 73).

Por iso a reedición da novela e as “Palabras que escribín corenta anos despois” supoñen a recuperación da escrita, da voz e da memoria dunha muller marcada pola guerra. Sobre esta recuperación escribía:

Os meus estudos quedaron interrompidos coa sublevación militar, o que limitaba as miñas posibilidades, pero non me acovardei por iso. Non quería ficar sendo ama de casa, así que puxen a miña vontade en marcha e fun facéndolle fronte a diversas actividades (...) Traballei moito, pero non me sentín satisfeita (...) Pouco e pouco Ramón e mais eu comezamos a interesarnos por escribir teatro galego, ensaialo e representalo nalgún dos centros da colectividade (...) acabou entusiasmándonos (...) Foi unha etapa moi creativa, que me proporcionou o estímulo necesario para empezar a escribir. ¡Tiña tantas lembranzas e tantos desexos de contalas. (226-228)

Ó recupera-la súa voz, o seu texto e a súa memoria, a novela convértese en patrimonio de todos, pois “las mujeres no podían definirse como sujetos/personas hasta que esos textos (a través de los cuales podemos reconstruir la historia y formular una nueva política), no sean patrimonio de todos” (Arriaga 2000: 87).

O libro supón a liberación dos recordos da autora. Ela, coma tantas, sufriu unha “época escura e difícil para o desenvolvemento vital das mulleres, como foi a posguerra de Franco, que coartaba fortemente a súa liberdade amorosa e as súas posibilidades profesionais con obstáculos legais de presión social.” Destaca, coma en Pura e Dora Vázquez, Luz Pozo e Pilar Vázquez “a súa vontade de resistencia e superación nesas condicións adversas, para abrirse paso no campo profesional, creativo e da vida privada, tal como o fixeron, por camiños ben diferentes en cada caso” (Blanco 1996: 67).

A “*rapaciña de pasos curtos e silandeiros*” que “*tentaba saír dun vagón de metro entre unha multitude de olladas ao chan. Nestes intres, agora mesmo (...) é probable que estea a piques de rematar as últimas escaleiras, polas que rube arfando. Ela vai percorrer durante uns pasos o ar deturpado*” da Cidade Universitaria; hase achegar ata o 7º piso do Edificio B da Facultad de Letras da U.C.M. Alí está o Departamento de Filoloxía Románica e o despacho da Lectora de Galego. A rapaciña peta silandeira e abre a porta para atoparse no segundo tempo con Carme Blanco Ramos.

⁸ O nome de Mariví Villaverde aparece, normalmente, unido ó do seu home a propósito do teatro galego na Arxentina.

Segundo tempo: Carme Blanco Ramos e a superación da orfandade

Narradora e articulista nacida en Vilar de Céltigos (Santa Comba-A Coruña, 1957), chega a Madrid en 1968. Será na gran urbe onde comece a escribir, segundo nos conta⁹:

Eu sempre escribín, pero empecei con poesía. A verdade, eran poemas adolescentes e malos. [Estaban] influenciados por Rosalía, debido a que eu tamén me consideraba emigrada en Madrid desde os 10 anos e identificábame co que ela sentía. (...) Cando considerei en serio a creación literaria foi cando tiven a oportunidade de conectar con xente (...)

Unha persoa fóra das súas raíces, por obriga, cústalle moito mante-la identidade. Como consecuencia (...) aparece a dor non declarada. Esa identidade de que falaba só se pode manter por medio da cultura, das raíces (...) O esforzo é máis grande: reunirse, organizar actos... Todos eses esforzos fanse sen obriga e sen recompensa agás a recompensa moral de cada un. E iso fixemos (...) en Madrid. Teño que dicir que eu tardei en contactar con xente desta valía en Madrid.

A autora, coma as demais madrigalegas deste estudio, empezou utilizando o castelán na escrita:

A miña educación (...) foi toda en castelán. No ano 68, cando eu marchei, era unha meniña de 10 anos que non dabamos unha fala en galego na escola. Iso era falar mal. Empecei a escribir en castelán, de feito teño contos escritos en castelán, pero as miñas primeiras publicacións foron en galego.

Carme Blanco Ramos iniciouse, literariamente, cos contos publicados no suplemento cultural “O espello” de *A Freita. Revista da lingua e da cultura galega de Asturias*. Sen embargo, é coñecida pola súa novela *A golpe de dor* publicada pola editorial¹⁰ 3C3. A autora recoñece unha liña común en toda a súa produción:

os meus contos van todos tamén por esa liña un pouco intimista. Gústame describir os estados dos personaxes, eses momentos que pasamos por alto sen darlle importancia pero que suman o noso eu.

Neste sentido, parece que os contos prefiguran a súa novela. Así “O espello” e “O soño”¹¹ (1999: 7-9), xunto con “Estado” (2001: 21-23) anunciarían a novela *A golpe de dor* (2002). Deixando á marxe o conto titulado “O soño”¹², podemos dicir que as narracións breves “O espello” e “Estado” presentan grandes conexións coa novela: a protagonista feminina, a abundancia de saltos temporais cara ó pasado¹³, a profusión de cores grises, azuis ou amarelas e a

⁹ Enquisa remitida por correo a primeiros de maio de 2003.

¹⁰ Editorial á que cómpre felicitar pola coidada edición e pola aposta por dúas novas creadoras: a escritora, Carme Blanco Ramos, e a pintora, Cristina Arufe.

¹¹ Os dous reúnense baixo o título común “Entretempo”.

¹² Este conto é unha das primeiras exaltacións da figura do “alemán” de Camelle (¡Deus vexa por el!). Aínda que non nos detemos, cómpre indicar que este relato comparte elementos cos demais (caso da importancia dos ollos, das cores...).

¹³ Pénsese que a autora nos respondeu á pregunta sobre o tempo dicindo que, para ela, “sempre é pasado”.

importancia dos ollos, dos espellos, da auga (como río, como mar ou como reflexo dun mesmo) e do vento.

El intentaba dicirlle que o espello da auga non ten volta. Non podía volver. Levouna cara a un túnel escuro, cuberto por unha luz branca, pero unha forza impedíalle chegar á porta da escuridade (...) Sentada, xa na outra beira, deixa folgar os seus ollos enriba da auga que flúe e non para. (1999: 8)

Os dous contos son “estados” previos, pequenos “golpes de dor” que constituirán a novela final¹⁴: o fillo non nacido ou non enxendrado, a enfermidade, o abandono da casa, o baleiro, a loita entre o físico e o psíquico, a eiva dos personaxes femininos pola perda, pola dor ou pola ausencia.

A autora refería a propósito da novela *A golpe de dor*:

Non deixa de ser unha viaxe ó interior do mundo do personaxe (...) a miña intención era demostrar que son os feitos “pequenos” os que forman a persoa do mañá (...) Denuncia do poder político e social, pero tamén un respecto por un medio de vida, unha cultura.

Por outra parte, *A golpe de dor*, xunto cos contos “O espello” e “Estado”, son monólogos, textos en primeira persoa enunciados por unha voz necesariamente sexuada e feminina. Monólogos que rompen cos límites existentes entre o interior e o exterior gracias á desintegración do eu. O recurso á primeira persoa é o modo máis apropiado para a indagación psicolóxica. Con el introdúcese tamén unha diferente percepción do tempo e do espacio: en vez dunha exposición lineal, o tempo segméntase en imaxes. Escribe a novelista:

Tempo segmentado en imaxes, cada segmento é un recordo e tantos recordos foron unha vida. Non podo seguir. (2002: 45).

Deténdonos nesta novela, *A golpe de dor* sería unha “novela de muller” centrada no auto-descubrimento da personaxe principal. Pero hai outras personaxes femininas relevantes, pois na novela aparece unha oposición clara entre personaxes masculinos e femininos (ámbolos dous caracterizados negativa ou positivamente): fronte á autoridade do avó, ó sometemento e silencio do pai, ós reproches dos irmáns, ó odio e ó resentimento do curmán, á hipocrisía, á indiferencia do compañeiro sentimental e ó machismo dos conductores sobresaen a submisión e soidade materna e a confianza na amizade feminina.

A novela retrata, pois, problemas relativos ás funcións de nai ou á visión que o sexo feminino ten do seu oposto, ó profundo abismo e incomunicación entre ambos e ó rexeitamento de certos valores predominantemente masculinos, aínda que nalgún momento se chegue ó entendemento (Blanco 1991: 108-109). Asemade son interesantes as experiencias con respecto á convivencia en parella, o aborto, a educación, os desexos e o propio traballo.

Pero o texto literario é un axente importante na transmisión da cultura (como os ritos da festa de San Xoán, a vivencia da morte...). Ás veces a transmisión realízase de xeito crítico (caso da concentración parcelaria ou da

¹⁴ Actualmente Carme Blanco Ramos prepara un libro de contos.

alcaiota da aldea) e a autora expresa a dicotomía entre distintas formas de vida na cultura rural e na cultura urbana a través das referencias á medicina e á educación. Como mostras da cultura urbana:

Alguén vén deixa-la dor e o celador recóllea para amoreala nun anaco de corredor. (12)

O director daquela escola de nenos de escapate resultábame irritante. (...) Eles sabían todo. (21)

A novela sintetiza, en último termo, a procura dun eu que se perde por entre as realidades e obxectos máis diversos para recoñecerse e de novo atoparse. De aí o seu diálogo continuo co pasado e as súas reflexións sobre o carácter cíclico da dor (real e psíquica, pois é curada por unha meiga e por un doutor) dende a infancia ata a madurez.

Volvo te-la mesma dor de cando era pequena. Nunca souben por qué aquel sufrimento actuaba ó seu capricho (49)

Se ben os desencadeantes da súa busca interior son o aborto e a morte da nai¹⁵, podemos afirmar que, certamente, a protagonista sempre estivo perdida, quizais polo esgazamento da memoria e do afecto familiar (ausencia do pai e silencio da nai).

Esta busca da identidade, da maternidade (da nai e dela mesma a renacer do aborto), da comprensión da súa orfandade e do seu pasado para interpreta-lo seu futuro (simbolizado na casa abandonada), realízase como dirían os entendidos “on the road”, é dicir, a través dunha viaxe iniciática pola aldea (non pola estrada).

A reconciliación coa memoria familiar supón a reapropiación do eu, da bágoa (só consegue chorar ó remate do libro), do corpo e da palabra.

Se entre as innovacións estilísticas ligadas ás “novelas de mulleres” se cita a linguaxe case inconexa dos soños, a orientación cara ó símbolo e o “descenso” ó subconsciente (Ciplijauskaité 1988: 25), na novela de Carme Blanco Ramos destaca o segundo elemento, exemplificado na auga e no espello que, á súa vez, se relaciona cos ollos. Ollos, espello e auga reflicten a imaxe que outros teñen (ollos do compañeiro sentimental, do doutor, da nai, do curmán) da protagonista que se busca ata atopa-la súa propia imaxe.

Para entendela mellor quedemos co espello, pois este relaciónase co uso do monólogo interior e simboliza o eu dividido: primeiro o personaxe feminino víase nun espello baleiro/convexo que se enchía segundo os antollos das figuras masculinas, logo incúmbelle a ela a función de enchelo. É dicir, do espello convexo imposto, deriva nun espello cóncavo e penetra no seu propio interior.

Aínda simbólica sería a reiterada utilización dos brancos e dos amarelos nas constantes adxectivacións e imaxes visionarias da novela. Escribe a autora:

O símbolo, dalgunha forma, é parte do alimento de vida. Porque hai que alimentala. Alimento de vida é o que me fai falla, miña nai. (48)

¹⁵ Repárese na posible simboloxía.

A “*rapaciña de pasos curtos e silandeiros*” que “*tentaba saír dun vagón de metro entre unha multitude de olladas ao chan. Nestes intres, agora mesmo (...) é probable que estea a piques de rematar as últimas escaleiras, polas que rube arfando. Ela vai percorrer durante uns pasos o ar deturpado*” da rúa Jesús Maestro; *hase achegar ata* o edificio da Escuela Oficial de Idiomas. Alí, o Departamento de Galego celebra hoxe un acto polas letras galegas no terceiro tempo e actuará Maite Dono.

Terceiro tempo: Maite Dono e a reapropiación do mar e da morte

Actriz, cantante e escritora (poesía, narrativa, teatro e artigos) en galego e castelán. Naceu en Gasteiz en 1969, filla de pais emigrantes galegos, e aos 12 anos trasladouse a Santiago de Compostela. Sobre a súa chegada a Madrid¹⁶:

Vin a Madrid estudar Arte Dramática, e este foi o meu comezo como muller e artista. (...) Así pois, vivo a Galiza facilmente dende Madrid (...) vívoa máis intensamente dende esta distancia para nada obrigada. Ás veces sinto mágoa de ter máis desenvolvida a miña capacidade de lembrar, de rememorar, de imaxinar, que a de vivir propiamente. (...)

O mesmo que falo desa natureza saudosa, eu son a primeira en padecela co gusto de sentirme viva do meu lugar, tamén quero falar doutras cousas, abri-las xanelas e deixar pasa-lo ar. Non gusto de ficar pechada nese lugar cómodo que supón todo o que nos resulta coñecido. Quero ser unha e outra vez analfabeta e cambalearme. Quero que me desmonten as miñas supostas ideas claras para asaltarme con outras novas que non veñan para nada dese lugar cómodo e arraigado.

Maite Dono é considerada como “a voz máis consistente de entre as novas poetas”, creadora “dunha poesía violeta marcada pola constatación do suicidio e lousada de marcas do discurso feminista que permiten unha lectura asemade do eu e do nosoutras.” (González 2000: 287).

E sobre a escrita de muller contounos:

¿Que dicer de nós como mulleres entregadas aos nosos desexos, libres, refuxiadas por vontade propia nunha creación que nos dá asas?

Creo que existe unha linguaxe que nos pertence, a linguaxe. Como mulleres, somos seres amplos, todo tende cara a nós, cara ó feminino. Sabemos explorar coma ninguén o terreo dos sentimentos, pero non só somos esto. Tamén podemos escribir con distancia, e ser frías, deliciosamente frías e distantes.

Para ser sincera nunca me parei a analizar como tal a escrita de muller. Non sei qué técnicas, nin temáticas usamos. Supoño que eso queda para os estudiosos do tema. A min gústame pensar que somos tan abertas e tan amplas que non é posíbel encadrarnos nunha angosta parcela da que non saímos porque somos

¹⁶ Entrevista remitida, dende Madrid, o 13 de abril de 2003.

mulleres e só atendemos a eso. Si, somos mulleres, e creamos, e ás veces podemos escribir coma algúns homes, outras coma outros homes, outras como seres hermafroditas, outras coma algunhas mulleres, outras coma outras mulleres, e sempre infinitamente amplas, infinitamente inclasificábeis.

De aí os vínculos con outras mulleres na literatura:

Todo comeza coa busca dun texto para face-las probas da RESAD. Lembro, de súpeto, un programa que vira 5 anos antes na televisión no que entrevistaran a Luísa Castro, a busca dun texto seu lévame directamente a *Los versos del eunuco* e ese descubrimento é preciso resaltalo pois foi realmente importante. Foi unha pancada, un tremer, un espertar.... Este libro mailo amor recén descuberto, abríronme o camiño á poesía.

Posteriormente foi a Duras (...). Tamén Angélica Liddell, artista demoledora e maravillosa, Anaïs Nin, Emily Dickinson, Rosalía de Castro, e toda esa conexión con artistas suicidas como Anne Sexton, Sylvia Plath, Alejandra Pizarnik, Virginia Woolf, Diane Arbus... coas que teño unha forte conexión espiritual. (...) Tantos nomes que non só veñen da literatura; sobre todo agora que comezo a sentir a integración perfecta das artes, e a riqueza que todo esto supón á hora de crear.

Decido só poñer mulleres porque son elas as que están máis preto de min, as que me quedan máis á man. Delas veño, e a elas agradezo esta infinita comprensión do mundo, por outro lado tan vasto.

Todo, absolutamente todo é de inspiración, aberta como estou a un mundo que me destrúa.

Como indica Maite Dono, a súa descuberta da poesía ocorreu en Madrid e en castelán (*Manta de sombra*, 1996). Así explica a poeta o cambio idiomático:

A decisión de escribir en galego nace co *Mar Vertical*. (...) *El Mar Vertical* era un poemario en castelán e converteuse nun traballo monográfico de libro e disco que me fixo ver o comezo do camiño dunha galeguidade sentida e profunda.

No citado poemario en castelán rexístranse trazos importantes e contínuos na escrita de Maite Dono: a reapropiación da palabra dos poetas do amor e da morte, o incesto, o ladrón de Bagdad ou a negación, o silencio e a morte como fonte de creación e espacio da muller.

E envolvendo todo O MAR. Como o título do libro –en galego- e do disco indican, trátase dunha creación chea de auga salgada (do mar ou das bágoas). Un mar que aparece –en forma de poemas ou prosa poética- caracterizado ó comezo e ó final do libro polos sons: humilde e arrolador (como un mar feminino) ou ferido e tolo (coma un mar masculino).

A auga –como sinalou G. Bachelard (1978) e poetiza Maite Dono- é un tipo de destino. Por iso existen seres consagrados á auga, seres na vertixe como a figura do Primo-Irmán, como V. Woolf, A. Storni ou Martin Eden (personaxe de J. London).

¡Ai, mar!

Bica a esa muller morta

Núa

Estendida
Dálle catro pedras
E que te busque ao fondo. (40)

O mar violento é, á vez, o son máis presente no libro. Cando o mar é tan forte, os seres consagrados á auga só poden sufrir flaxelación como esixencia previa ó goce. Esa ambivalencia do pracer e da pena marca os poemas como marca a vida. Falamos de mar (Cantábrico) como suicidio, como loucura e do Océano (Atlántico) como mar das paixóns; pero a auga é tamén un modelo de silencio e calma. E, relacionado co silencio, está outra das liñas-forza do poemario: as liñas paralelas que non se tocan e que se prolongan ata o infinito. En *O mar vertical* esas liñas non chegan a complementarse senón que van separadas como a cabeza e o corpo, como as vías do tren onde unha nena descobre un mar de sangue na súa braga branca.

O silencio comprendido entre dúas liñas paralelas
chámase 4.
Unha destas liñas de material de arame
sega a miña cabeza e bótaa a rolos
polas moas tallantes e afiadas do cantil.
A miña cabeza bebe nas corgas secas
camiño da miña casa.
O meu corpo dividido e encallado nas silvas do 4
vai só na percura da máxima expresión da auga. (16)

Ó lado dos personaxes históricos (como son os poetas do amor e da morte), en *O mar vertical* atopamos outro dos elementos máis chamativos (González 2001: 308): a interposición de personaxes de ficción para a representación de actitudes (o Home-Pato ou o Primo-Irmán).

O meu Primo Irmán tamén choraba por todo:
“Parece unha nena” –decían- E eu amábao por eso, porque
era fráxil e porque choraba.
Choraba porque o ceo era azul, branco e violeta.
Choraba porque o mar era verde, gris ou negro. (...)
Coa voz dos soños respondeume:
Vou morrer de mar, Prima Irmán. Vou morrer así
porque gosto da auga con sal. Gosto do mar de calquera co-
lor. E gosto de todo aquilo que a ti che goste. E gosto de
chorar toda a auga que me bebo. (...) Porque vou morrer de
mar, Prima Irmán. Pero non tremas; non todo o mundo ten a
sorte de morrer do que tanto ama. (30)

Será no seu relato “Baixo os crisantemos” (2001: 157), único publicado¹⁷ ata o momento, onde Maite Dono recupere outros dous personaxes irmáns. Dende un presente de carencia e castración -*foi a nosa nudeza idéntica máis có noso parentesco o que nos matou*- os personaxes só poden morrer:

¹⁷ Publicado primeiro en castelán e despois en galego.

Enviáronme ó reformatório (...) Non fun quen de recoñecer nese lugar o mundo que o meu irmán me obrigara a ver. E alí foi onde recollín a nova da súa morte. Recollina con coidado, coas mans que agora me caen. (...) O meu desterro enterrou o corpo perfumado do meu irmán baixo o lirismo fúnebre dos crisantemos.

Conclusións

Nesta comunicación tentamos unha lectura global da produción, poética e narrativa, de tres mulleres unidas por:

1. Tres tempos que supoñen diferentes recuperacións: recuperación da memoria e da palabra roubada, recuperación da nai/filla ou superación da orfandade e recuperación do mar. Nos tres casos tamén as causas da dor son diferentes: dor que procede do exterior polos acontecementos sociais, ou dor interior polos acontecementos persoais. Daquela, nas tres mulleres houbo unha censura que superar, censura da palabra e censura do corpo/palabra.

2. Unha “narrativa de muller” curta ou longa (aquí incluímos os poemas narrativos), por canto se concentra no auto-descubrimento dunha personaxe principal. Pero, ademais, é narrativa de formación feminina ou *Bildungsroman* (Moret 2000: 179) caracterizada porque a sociedade actúa como antagonista da heroína, porque é a historia dunha aprendizaxe narrada en primeira persoa.

3. Un cambio idiomático do castelán para o galego. Como xa se ten sinalado (Noia 1992: 11), a condición de mulleres, de escribir en galego sendo mulleres, implica unha posición dobremente marcada: por lingua e xénero, sobre todo polo elemento lingüístico.

4. Madrid é¹⁸ unha esperanza para as tres e converteunas, como dixo Lorenzo Varela (a propósito de Luís Seoane e da súa dona) en “fiestas: si se olla para fóra, o mundo, si para dentro Galiza”.

Bibliografía citada

- ACUÑA, A. “Poesía galega en Madrid: o grupo poético «Bilbao»”. *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos. Un século de Estudos Galegos. Galicia fóra de Galicia*. Ed. de Dierter Kremer. Sada: Edicións do Castro/Galizien-Zentrum der Universität Trier, 2000. 515-532.
- ARRIAGA, M. “Teorías feministas ante literam: las mujeres que escriben tratados en los siglos XV y XVI”. *Feminismos, cuerpos, escrituras*. Ed. de Iris M. Zavala. Santa Cruz de Tenerife: La Página Ediciones, 2000. 87-98.
- BARRO, T. *Introducción á astroloxía*. Vigo: Xerais, 1983.
- BACHELARD, G. *El agua y los sueños*. México: Breviarios del Fondo de Cultura Económica, 1978.
- BERNÁRDEZ, C.L. “Retratos de Mulleres desde o exilio”. *Festa da palabra silenciada* 16 (2001): 114-115

¹⁸ Carme Blanco Ramos voltou para Galicia recentemente.

- BLANCO, C. *Literatura galega da muller*. Vigo: Xerais, 1991.
- *Mulleres e independencia*. Sada: Edicións do Castro, 1995.
- “Nais de tinta: Dora e Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e Pilar Vázquez Cuesta”. *Unión Libre 1* (1996): 67-130.
- BLANCO RAMOS, C. “Entretempo”. *O espello. Suplemento literario de A Freita 6* (1999): 7-9.
- “Estado”. *Muller de doce sal. Homenaxe a Inés Canosa*. Xixón: vtp, 2001. 21-23.
- CIPLIJAUSKAITÉ, B. *La novela femenina contemporánea (1970-1985). Hacia una tipología de la narración en primera persona*. Barcelona: Anthropos, 1988.
- DONO, M. *Manta de sombra*. Madrid: Libertarias/Prodhufo, 1996.
- *O mar vertical*. A Coruña: Espiral Maior, 2000.
- “Baixo os crisantemos”. *Madrygal. Revista de Estudos Galegos 4* (2001): 157.
- FERNÁN-VELLO, M. A. “Galego en Madrid”. *O Correo Galego* (18-VII-2002): 3.
- FONTE, R. “Emigrantes en Londres”. *Tempos 39* (2000): 16-27.
- FUENTES, V. “Arredor da narrativa galega no exilio”. *Grial 145* (2000): 71-87.
- GALÁN, X. “A mochila” *Muller de doce sal. Homenaxe a Inés Canosa*. Xixón: vtp, 2001. 61-66.
- GARCÍA, C. “A “Asociación de Mulleres galegas no exterior Rosalía de Castro”: a loita pola memoria das mulleres galegas desde Madrid”. *Madrygal. Revista de Estudos Galegos 4* (2001): 133-134.
- GONZÁLEZ, H. “Poesía: empezar o milenio”. *Anuario de Estudos Literarios Galegos* (2000): 285-293.
- “O mar vertical e os labirintos oceánicos femininos”. *Grial 150* (2001): 305-308.
- MACEIRA, X.M. *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*. Vigo: Cumio, 1995.
- MORET, Z. “Y las niñas que crecen ¿a dónde van a parar?”. *Feminismos, cuerpos, escrituras*. Ed. de Iris M. Zavala. Santa Cruz de Tenerife: La Página Ediciones, 2000. 177-191.
- NOIA, C. (coord.). *Palabra de muller*. Vigo: Xerais. 1992.
- VALENZUELA, M. V. *Tres tempos y la esperanza*. Sada: Edicións do Castro, 1987.
- VILLAVERDE, M. *Tres tempos e a esperanza*. Vigo: A Nosa Terra, 2002.

Acuña, Ana. “Madrigalegas ou escritoras galegas en Madrid: *Tres tempos e a esperanza*”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península*. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.